

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN, DO 19 DE XANEIRO DE 2017

Licitación da Concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal para a construción/explotación dunha Residencia 3ª Idade-Centro de Día.

No Prego que regula a concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal sita nos terreos da Fundación Semana Verde e coa finalidade da construción dunha Residencia para a 3ª Idade e Centro de Día de 40 e 15 prazas, ampliables a 60, coa posterior xestión de ambosdous servizos durante o prazo de 75 anos, se convocou a Mesa de Contratación para proceder a apertura de plicas para o **xoves día 19 as 1200 horas**.

Ofertas presentadas unha vez pechado o prazo de licitación:

Única:

COVIASSTEC, S.L. Crtra. De la Rañoa s/nº, 32570 Maside (Ourense)
(Nº rexistro contratistas XUNTA: 1.410)

Na Casa do Concello de Silleda, ás doce horas do día dazanove de Xaneiro do ano dous mil dezasete, reúnese o Mesa de Contratación para a apertura de sobres.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández, (Alcalde)

VOGAIS:

O Concelleiro de Obras: Klaus Brey Montaña

A Concelleira de Servizos Sociais: Pili Peón Iglesias

INTERVENTOR: Daniel Rodríguez Expósito


SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga.

O Arquitecto redactor do proxecto: Martín Pereiras Corzón

Un Funcionario da Consellería competente da Xunta de Galicia en materia de Servizos Sociais: Encarna Alvarez Gallego.

O secretario fai constar que Encarna Alvarez Gallego, excusa a súa asistencia:

Bos días, como persoa designada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para asistir en calidade de membro do Tribunal de selección para a construción/explotación dunha residencia de 3ª Idade-Centro de día no Concello de Silleda, quería expresarlle neste correo que debido ao moito traballo que temos no Departamento, e tras coñecer polo Secretario do Concello que soamente se presentou unha empresa ao concurso, e que no Tribunal hai membros suficientes, dicirilles que non asistirei no día de hoxe á apertura de plicas. Esperando non causarlles ningún problema, despídese atentamente.



O Sr. Alcalde propón que, dado que só se presenta unha plica, que se proceda no mesmo acto a apertura e cualificación da mesma, co asentimento de tódolos membros do Tribunal.

APERTURA SOBRES 1, 2 e 3, E PROPOSTA DE CALIFICACIÓN.

Logo da apertura do sobre 1 coa documentación administrativa da empresa, se comproba a mesa e se considera que está completa e reúne tódolos requisitos esixidos no Prego.

Se procede seguidamente a apertura do sobre 2 e 3 e a cualificación, que se recolle no cadro seguinte:

Membros Mesa	Proxecto explotación	Proxecto Xestión	Canon	Tarifas ofertadas Residencia	Tarifas ofertadas C.Día	Asunción Proxecto	TOTAL
Manuel Cuiña Fernández	26,5	24	0	0	0	0	50,50
Klaus Brey Montaña	26,5	24	0	0	0	0	50,50
Pili Peón Iglesias	27,0	24	0	0	0	0	51,00
Daniel Rodríguez Espiño	26,5	24	0	0	0	0	50,50
Manuel Quintáns Queiruga	26,0	24	0	0	0	0	50,00
Martín Pereiras Dozón	26,5	24	0	0	0	0	50,50
TOTAL MEDIA							50,50

A puntuación final da única empresa presentada, **COVIASSTEC, S.L.**, queda en **50,50** puntos sobre os 100 totais.

A continuación a Mesa fai constancia e destaca o seguinte:

Se valora en especial que as prazas se incrementen ata 59 e 20 –en lugar de 40 + 15- do Prego-, e que a inversión, en termos de Presuposto de Contrata do edificio ascenda a **3.066.245,45 €** -duplicando o Proxecto Municipal- e a inversión total para a construción se sitúe en **3.800.924,60 €**.

Visto canto antecede, por unanimidade de tódolos presentes, **SE ACORDA:**



UNICO: Propoñer ao Pleno da Corporación a adxudicación definitiva da concesión demanial do uso privativo da parcela de dominio público municipal sita nos terreos da Fundación Semana Verde e coa finalidade da construción dunha Residencia para a 3ª Idade e Centro de Día de 59 e 20 prazas, coa posterior xestión de ambosdous servizos durante o prazo de 75 anos, a empresa COVIASSTEC, S.L., CIF nº B-32240210, na súa condición de oferta seleccionada pola Mesa, cunha inversión total para a construción que se sitúa en **3.800.924,60 €** (3.066.245,45 € para o custe do edificio).

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 13-15 horas do dazasete de Xaneiro de 2017, do que, eu, o Secretario, dou fe. Silleda.

SECRETARIO



Manuel Quintans Queiruga

